

CAFI. OBRADOIROS DE MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICATIVA DO PROFESORADO

UN LECTOR UNHA LECTORA NON NACE, FAISE

Sofia Rama

CHARLA. LECTURA E TAREFAS COMPETENCIAIS



*O alumnado non sabe explicarse.
O alumnado non entende o que le.
O alumnado cada día fala peor.
Só se entenden entre eles...*

Lectura

Plot ro yo pedrí en el catón. Socré un ban cote. El graso estaba cantamente linendo. No lo drinió. Una Para jocia y un Pari joci estaban plinando a mi endidor. Estaban gribblando atamente. Yo grotí al Pari y a la Para fotnamente. No goffrieron nu platión. Na el hini yo no putre licrerlo. Yo lindré vala. Possrí fobanamente.

Preguntas

1. ¿Dónde pedrió el escritor Plot ro?
2. ¿Drinió al graso?
3. ¿Quién estaba plinando a su endidor?
4. ¿Estaban gribblando atamente o sapamente?
5. ¿Lindrió o no?

Exercicio proposto por McDowell, 1984. A través de *Enseñar lengua*. Cassany, Luna e Sanz, 1994



QUE É LER?

Ler é oralizar un texto. Decodificar. LER AS LIÑAS (?)

“**Ler é comprender un texto.** Leamos como leamos, con présa ou despacio, tropezando, sempre co mesmo ritmo, en silencio, en voz alta, etc. o que importa é interpretar, construír un significado novo na nosa mente a partir da lectura dese texto.”

Comprender é construír o significado dun texto. Comprendemos cando podemos establecer relacións significativas entre o que xa sabemos e o que o texto nos achega. Integramos a información nova nos nosos esquemas previos. **LER ENTRE LIÑAS**

Interpretar é máis que comprender. Se comprender é “construír” o significado dun texto, interpretar require tomar conciencia do valor dese texto na sociedade. É decatarse do tipo de texto, dos efectos que provoca, da intención do autor-a, da opinión que provoca nos lectores-as. Interpretar aínda é máis difícil que comprender, porque o inclúe. **LER TRAS AS LIÑAS**



O éxito ou o fracaso escolar está directamente relacionado coa lectura. A pesar disto, o analfabetismo funcional en España, segundo o **INE**, en **2017**, chegaba case a **700.000** persoas de máis de 16 anos, polo tanto con certificado escolar. A pesar de aprenderen a ler e a escribir non logran desenvolver esas habilidades para cubrir unha solicitude para un posto de traballo, entender un contrato ou ler un xornal.

QUE É A COMPETENCIA LECTORA?

A competencia lectora permite a aprendizaxe dentro e fóra da aula (formal e informal), por tanto colabora ao desenvolvemento de actitudes, comportamentos e habilidades sociais: **ler e comprender o lido é un requisito para o éxito, mesmo para a integración social.**

QUEN ENSINA A LER?



A persoa docente como **mediadora** entre textos e discentes, para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe desde un enfoque **competencial, comunicativo e integral**, servíndose de **metodoloxías activas** como o **TIL** e o **TILC** e usando **secuencias didácticas**.

estimuladora

motivadora provocador

guía acompañante observador

incentivador conductora

docente mediador

Observador-a de todo o proceso de aprendizaxe, pois debe
avalialo na súa integridade e non só o resultado final.



**COMO SE
ENSINA?**

ENSINO-APRENDIZAXE COMPETENCIAL

APRENDER FACENDO

Aprender de xeito práctico os contidos teóricos. (Son útiles para o alumnado?)

APRENDER SIGNIFICATIVAMENTE

Levar fóra da aula o aprendido.

ENSINAR DE XEITO INTEGRAL

Desenvolver todas as Competencias.

ENSINAR COMO DOCENTE


Abandonar a lección maxistral.

AVALIAR O PROCESO

Avaliar de xeito continuo

ENFOQUE COMUNICATIVO


Generalitat de Catalunya.
O modelo lingüístico
do sistema educativo
de Cataluña



ENFOQUE GLOBAL

Generalitat de Catalunya.
O modelo lingüístico
do sistema educativo
de Cataluña


A aprendizaxe de linguas



METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS



TIL E TILC



Ángel Huguet e Judit Janés / Baker y Hornberger (2001) . Interdependencia lingüística en bilingües (modelo do "dobre iceberg")



QUE É A MEDIACIÓN LECTORA?



**Desenvolver
estratexias que
favorezan a
comprensión lectora
nos estudantes.**

**Incorporar, en todas
as materias,
estratexias para a
comprensión de
textos que
favorezan o proceso
de aprendizaxe.**

PARA...

**potenciar o pensamento crítico que
posibilita o razoamento lóxico, a
resolución de problemas e a toma
de decisións por parte do alumnado.**

PARA...

**que melloren o seu rendemento
académico e sexan estratéxicos e
reguladores do seu propio proceso
de aprendizaxe.**



MEDIAR

PARA...

progresar dunha situación
real de NON LECTOR ou
NON LECTORA
a outra situación ideal de
LECTOR ou LECTORA.

Porque **un lector ou lectora
non nace; faise.**



ESTRATEGIAS PARA MEJORAR A COMPRESIÓN LECTORA

A PARTIR DA TÉCNICA DO RESUMO PODEMOS COMPROBAR O NIVEL LECTOR DO ALUMNADO

PERSOA LECTORA EXPERTA Comprende o texto en profundidade, mesmo le entre liñas.	PERSOA LECTORA APRENDIZ Posúe un déficit de comprensión e fíxase en aspectos superficiais.
- Elabora un resumo xerarquizado, destacando as ideas máis importantes e distinguindo relacións entre elas.	-Acumula a información en forma de lista. Enumera ideas.
- Sintetiza a información con palabras propias elaborando un novo texto.	- Fusila o texto por anacos, suprimindo o que considera redundante. Reduce o texto.
- Selecciona a información segundo a súa importancia no texto e entende a que lle deu relevancia o autor-emisor. Relevancia textual.	- Selecciona palabras a partir da situación do texto, centrándose habitualmente nas frases iniciais e finais ou de xeito subxectivo. Relevancia contextual.

CAL É A RAZÓN DO FRACASO EN COMPRENSIÓN LECTORA?

O tratamento didáctico da lectura como ORALIZACIÓN dun texto para “dominio mecánico do código escrito”

Microhabilidades lectoras que se potenciaron tradicionalmente:


- Identificar letras e relacionar adecuadamente sons e grafías (centrada na descodificación).
- Pronunciar as palabras correctamente (operación mecánica).
- Entender todas as palabras de cada texto (ler palabra por palabra, sen anticipación).

Microhabilidades lectoras superiores:

- Saber ler á velocidade adecuada.
- Ser conscientes dos obxectivos da lectura.
- Comprender o texto a diversos niveis.
- Inferir significados diferentes (Ler entre liñas).

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA


Fronte á oralización...



Enseñar lengua. Cassany, Luna e Sanz, 1994

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

Fronte á lectura palabra por palabra...



Enseñar lengua. Cassany, Luna e Sanz, 1994

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRESIÓN LECTORA

I. ANTES DE EMPEZAR A LER (formular hipóteses)

1. Experiencia lectora. Informacións previas gardadas na Memoria a Longo Prazo (MLP).

2. Obxectivos de lectura. Información que queremos obter do texto, que determina a forma de ler.

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRESIÓN LECTORA

II. DURANTE A LECTURA (verificar hipóteses)

1. Percepción visual do texto. (anticipación)

2. Habilidades de lectura rápida ou atenta. (obxectivos)

3. Verificar hipóteses de significado. (MCP)

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRESIÓN LECTORA

MICROHABILIDADES

Percepción
Memoria
ANTICIPACIÓN
Lectura rápida e atenta
INFERENCIA
ESTRUTURA E FORMA
LER ENTRE LIÑAS
Autoavaliación

TÉCNICAS

cuestionarios,
encher ocos,
transferir
información, xogos
lingüísticos,
recompoñer textos,
comparar textos,
escoller títulos,
elaborar resumos

RECURSOS MATERIAIS

prensa,
literatura,
realias,
manuais de
consulta,
libros de
texto, textos
do alumnado

TIPOS DE LECTURA

intensiva,
extensiva,
oralizada,
silenciosa,
individual,
colectiva,
rápida,
atenta

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

EXERCICIOS, ACTIVIDADES OU TAREFAS

Anticipación

MOTIVACIÓN E ACTIVACIÓN DE SABERES PREVIOS (facer preguntas: que pasará? Como continuará?. Reflexionar sobre elementos non verbais. Activar saberes previos)

MANTER UN COLOQUIO A PARTIR DUN ESTÍMULO

Inferencia

Habilidade para comprender-deducir algún aspecto do texto a partir do significado do resto. Necesaria para que o alumnado adquira autonomía. Consiste en encher as lagoas de significado interpretando palabras, enunciados ou parágrafos a partir do contexto. (Deducir (inferir) o significado dunha palabra polos propios coñecementos do mundo, polo contexto, polas relacións semánticas, pola súa formación morfolóxica...)

ELABORAR DEFINICIÓNS ADECUADAS

Ideas principais

1º NIVEL DE COMPRENSIÓN. Comprender o macrotexto: ideas principais (información esencial), estrutura (organización). (Subliñar as ideas máis importantes. Escoller un título para o texto e un subtítulo para cada apartado. Numerar nas marxes os argumentos do autor.)

FACER ESQUEMAS E MAPAS CONCEPTUAIS

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPREENSIÓN LECTORA

EXERCICIOS, ACTIVIDADES OU TAREFAS

Estrutura e forma

2º NIVEL DE COMPREENSIÓN. Comprender o microtexto: tipoloxía textual e reflexión sobre a lingua. (Comprender a estrutura do tipo de texto (presentación-nó-desenlace; hipótese-argumentación-tese... Analizar as propiedades textuais (registro, corrección, estilo....) (Enfoque comunicativo) Reflexionar sobre a lingua (pronuncia, ortografía, puntuación, gramática, léxico-semántica) (Enfoque gramatical)
FACER RESUMOS, LIÑAS CRONOLÓXICAS E DESCRICIÓNS
INFERIR NORMAS GRAMATICAS

Ler entre liñas

3º NIVEL DE COMPREENSIÓN. Inferir información non explícita, porque depende da intención do autor (premeditadamente ambiguo) e da interpretación do lector. (Microhabilidade superior).(Inferir información sobre o autor-a (intención, opinión, ánimo, ideoloxía...). Identificar a quen se dirixe o texto (destinatarias-os). Comprender o sentido de humor do texto, a ironía, os dobres sentidos, os sentidos figurados, o simbolismo, as alegorías... Interpretar artigos de opinión, relatos e poemas.)
FACER COMENTARIOS DE TEXTO

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRESIÓN LECTORA

LECTURA AUTÓNOMA GUIADA

Converter o habitual cuestionario de lectura nunha guía de lectura.

LECTURA DE TEXTOS DO PROPIO ALUMNADO

- axuda a que se esforcen por comprender outras caligrafías e mellorar a lexibilidade da súa.
- axuda á corrección e á autocorrección.

LECTURA DE LIBROS DE TEXTO

Usar o libro de texto para un tratamento interdisciplinar da comprensión lectora nas AL e nas ANL, pois sería absurdo aplicar as estratexias de mediación nas AL e ao cambiar ás ANL continuar a ler á maneira tradicional.

ESTRATEGIAS PARA ENSINAR A MELLORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

AVALIACIÓN

LECTURA EN VOZ ALTA


vocalización, entoación, rapidez, pronuncia...

LECTURA AUTÓNOMA

resposta correcta a preguntas pechadas sobre o contido do texto.

**COMPRENSIÓN
LECTORA**
(grao de
desenvolvemento da
competencia lectora)

- escasa ou nula anticipación
- incapacidade para discernir ideas principais ou secundarias
- incapacidade para inferir información do contexto
- incapacidade para ler entre liñas.



**PRÁCTICA.
SECUENCIA DIDÁCTICA.
MATEMÁTICAS**

POR QUE AS TAPAS DOS SUMIDOIROS





- Os nenos da varíola
- Os corpos invisibles

MOITAS GRAZAS POLA

ATENCIÓN PRESTADA!

